

## Presentación

En Galicia, a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, ten a responsabilidade de dotar dun maior impulso a loita contra o cambio climático.

Así mesmo, pretende dar respostas ás demandas da sociedade civil e achegar solucións fronte á emerxencia climática.



Esta **Estratexia de Cambio Climático** asume os compromisos internacionais aumentando a sensibilización e a conciencia da cidadanía, xerando unha actitude crítica e transformadora das persoas e das administracións públicas a través da educación ambiental.

O **CEIDA** e a **Deputación da Coruña** asumen, coa realización do **Programa para unha Transición Ecolóxica**, un compromiso que se traduce nesta exposición sobre a Emerxencia Climática.

Os contidos teñen un enfoque a escala global, moito máis integrador, coherente e amplo, aliñado coa **Axenda 2030** e cos **Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable de Nacións Unidas**.



Do mesmo xeito, na **Axenda 2030** e os **Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable** de Nacións Unidas, defínese como elementos clave para iniciar o camiño dunha sociedade descarbonizada e resiliente ante os efectos do cambio climático. Entre as medidas que recolle, fala de mellorar o coñecemento e a percepción da sociedade sobre o cambio climático ou da difusión de información sobre posibles efectos derivados do cambio climático e como reducilos e adaptarse.



Tamén describe como necesarias as iniciativas de educación ambiental que se realizan ao longo do territorio e que serven de marco teórico-práctico para proxectos como esta exposición.




## Emerxencia climática, feitos e datos

Esta exposición, enfocada desde a educación ambiental e baseándose en información científica contrastada, pretende proporcionar os fundamentos básicos que argumentan a crise climática que vivimos.

Preséntase como un percorrido secuencial, pero tamén se pode facer un achegamento á exposición tendo en conta catro grandes bloques de contidos diferenciados:

- Bases de Coñecemento climático
- Dende o Global ata o noso territorio
- Motivos para a esperanza
- Estratexias, alianzas e actores



# Características da exposición

Esta exposición está composta polos seguintes materiais de soporte expositivo e elementos impresos:

- 17 dispositivos portátiles de exposición con alta versatilidade, para adaptarse ás necesidades de espazo. Ten unha estrutura autoencaixable e sen tornillaría de doada montaxe e manipulación.
- 17 tubos de transporte.
- 17 paneis de impresión directa sobre lona 100% febras de algodón ecolóxico.
- Paneis de 200 cm x 100 cm impresos a 4 tintas con lona reforzada.
- Idioma: galego.
- Superficie mínima de montaxe: 40 m<sup>2</sup>.

<input type="checkbox"/>	Introdución
<input type="checkbox"/>	01 Que sabemos do clima?
<input type="checkbox"/>	02 Tempo vs. clima
<input type="checkbox"/>	03 Coñecer o noso clima
<input type="checkbox"/>	04 Alerta científica
<input type="checkbox"/>	05 O quecemento global: historia e ciencia
<input type="checkbox"/>	06 A realidade do cambio climático
<input type="checkbox"/>	07 O cambio climático en Galicia
<input type="checkbox"/>	08 Atención ás alertas, afrontamos unha crise climática
<input type="checkbox"/>	09 Unha mirada humana á crise climática
<input type="checkbox"/>	10 Mitigación e adaptación fronte ao cambio climático
<input type="checkbox"/>	11 Unha transición ecolóxica xusta
<input type="checkbox"/>	12 Cara a unha sociedade descarbonizada
<input type="checkbox"/>	13 Propostas para reducir a pegada de CO <sub>2</sub> e facerlle fronte ao cambio climático
<input type="checkbox"/>	14 Educación ambiental ante o cambio climático
<input type="checkbox"/>	15 Obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS)
<input type="checkbox"/>	Peche



## Como solicitar a exposición?

Dende a páxina web do CEIDA, estará dispoñible un formulario con ficha de solicitude.



Telf: 981630 618 / 981 614 443

ceida@ceida.org

<http://www.ceida.org>

Impreso en papel 100% reciclado, libre de cloro e certificado.

